



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
001 41 10 00



NOTIFICACIÓN

Órgano: Alcaldía

Día do acordo: 12-11-2021

De orde da Alcaldía, remítolle o Decreto núm 224/2021 que se copia literalmente deseguido:

DECRETO DA ALCALDÍA:

Visto o Decreto nº 223 de 10 de novembro, de convocatoria de Pleno extraordinario a realizar o día 13 de novembro con motivo da concesión da Medalla de Ouro do Concello a D. Daniel Rodríguez Fraguela, despois de 41 anos de servizo como funcionario municipal.

Aínda que a entrega solemne da Medalla nun primeiro momento pensaba facerse no Salón de Plenos da Casa Consistorial e así consta na convocatoria realizada; tendo coñecemento de que a afluencia de público vai ser numerosa dada a importancia do acto para a Corporación e o funcionario, faise máis apropiado que a sesión plenaria se traslade a antiga escola do Castro.

Visto o artigo 85.1 do Rd 2568/186, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, que di literalmente o seguinte:

“1. El Pleno celebrará sus sesiones en la Casa Consistorial, Palacio Provincial o sede de la Corporación de que se trate, salvo en los supuestos de fuerza mayor en los que, a través de la convocatoria o de una resolución del Alcalde o Presidente dictada previamente y notificada a todos los miembros de la Corporación, podrá habilitarse otro edificio o local a tal efecto. En todo caso, se hará constar en acta esta circunstancia.”

Considerando que as circunstancias de aforo do Salón de Plenos non se adaptan á afluencia de público esperada e non son idóneas para o cumprimento das medidas sanitarias de distancia social da normativa COVID, queda xustificado que a sesión convocada para mañá 13 de novembro, se traslade antiga escola do Castro, realizándose á hora indicada na convocatoria plenaria; isto é, ás doce da mañá.

En consecuencia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Modificar o lugar de celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Cerdido convocada para o 13 de novembro que pasa a celebrarse ás 12:00 na antiga escola do Castro, contando cun único punto da orde do día:

1. Concesión medalla de ouro do Concello de Cerdido a Daniel Rodríguez Fraguela.

SEGUNDO.- Que se notifique a presente resolución a todos os interesados.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Benigno Galego Castro, do que eu secretaria do concello, María Yolanda Ares Bao dou fe.

CONCELLO DE CERDIDO
FELGOSAS
15569 Cerdido (A Coruña/España)